



Equipos directivos de centros escolares esixen medidas urxentes ao Ministerio de Educación. / Páx 10



As autoridades sanitarias alertan: “Non podemos con outra epidemia”. / Páx. 2

NOVA ALERTA SANITARIA: REBROTE DE CREPUSCULOSE


O brote xurdido en Estados Unidos chegou en setembro de 2020 a España. Miles de cidadáns indignados pola desinformación das autoridades competentes.

A comunidade lectora está afectada por un rebrote de Crepusculose xerado nos Estados Unidos. A enfermidade, que se creía erradicada grazas ás películas e ao roubo da nova cepa que estaba a desenvolver Stephenie Meyer, apareceu novamente e xa chegou ás librerías españolas en setembro de 2020.

Esta nova cepa do virus chámase *Sol de medianoche*, e, segundo os científicos, produce unha sintomatoloxía similar cá cepa orixinal: hiperglucemia, dermaluxeose solar, hipotermia, sensación de sede constante, palidez extrema e beleza antinatural. Nalgúns casos, pode causar hemofilia severa. En caso de padecer un ou varios destes síntomas, chame inmediatamente ao seu médico de cabeceira.

Recomendacións: os crepusculosos do IES Indalecio Pérez Tizón deben informar á comunidade educativa da súa afección, mostrando durante o 12 de febreiro algúns dos seus síntomas máis evidentes: dermaluxeose solar, palidez e beleza extrema.

Páx. 5



Lembramos que detectando os contaxios, evitaremos a propagación da Crepusculose.

Participa no concurso Inda Namora. O gañador recibirá un agasallo sorpresa. Páx. 53



Os expertos abogan por un novo confinamento

O Ministerio de Sanidade está a considerar un novo confinamento domiciliario, durante o que os lectores/as poidan acabar a lectura. Descartan as restriccións por horas. Páx. 36

Comezan hoxe os cribados masivos en EEUU

Os veciños da localidade de Forks, situada no estado de Washington, serán os primeiros en ser sometidos a estas probas. O alcalde apoia esta medida pero mostra tamén a súa indignación polas acusacións recibidas: “O virus non naceu na nosa cidade”. Páx. 44

Expertos investigan a dermaluxeose

Científicos de todo o mundo analizan a dermaluxeose, unha rara afección da pel ligada á crepusculose. Os investigadores seguen sen atopar explicación ao brillo da dermis á luz do sol. Páx. 28

Nova edición de Tui Book Dates

Tras o éxito obtido hai uns anos, o equipo de Biblioteca invítache a atopar á túa media laranxa lectora. Busca a información na páxina web ou no blog da biblioteca Aloia.

Páx. 54



Educación

O IES Indalecio Pérez Tizón de Tui habilitou na zona de conserxería un punto de información sobre a Crepusculose, onde se expoñen os síntomas e as medidas preventivas necesarias para que a Crepusculose non se extenda.

O centro exímese de calquera responsabilidade en caso de contaxio.

Páx. 23

Sociedade

Dous adolescentes chegan ás mans nunha subasta da novela gráfica de Crepusculo.

Páx. 35

